

Analizamos unha carta de poboamento

A **carta de poboamento** era un documento que os reis outorgaban ós veciños dunha vila, nos cales recollíanse os privilexios que se concedían ós seus habitantes. Estes privilexios eran de distintos tipos: comerciais, de goberno, de exención de impostos... Este tipo de documentos son considerados a acta de nacemento dunha vila ou cidade.

Lee atentamente o seguinte documento:

“Sexa coñecido por todos os homes que eu, Ramón Berenguer IV, conde de Barcelona e eu, Ermengol, conde de Urgel, vos damos a vós todos os poboadores de Lleida, as casas e os patios e hortas e leiras e toda a cidade de Lleida.

Dámosvos todo o territorio sen cargas señoriais, para facer dela o que quixédeses e dalas, vendelas ou empeñalas a quen quixédeses, excepto a cabaleiros e eclesiásticos. Dámosvos tamén os prados e os pastos, fontes e augas, bosques e leña e a caza, a terra e o monte para todos os vosos usos.

Concedémosvos tamén a todos que, no sucesivo, non paguedes ningún dereito feudal. E que, no sucesivo, sexades libres e teñades seguras todas as vosas posesións e herdades.

Feita esta carta no mes de xaneiro, ano da Encarnación do Señor 1149.”

Carta de poboamento de Lleida. Adaptado.

1. Situamos o texto:

- a. Quen é o autor do texto? A quen está dirixido?
- b. En que ano foi escrito?
- c. A que lugar se refire o texto?

2. Analizamos o texto:

- a. Que conceden os condes?
- b. A quen llelo conceden?
- c. Que incluía o territorio dunha cidade? A quen pertencía todo isto nun feudo?
- d. Os ilerdenses (habitantes de Lleida) eran libres ou servos? Escribe as frases que xustifican a túa opinión.
- e. Que diferenzas había cos habitantes dun feudo?